

É paradoxal que, nas orixes da abstracción, atopemos o famoso texto do arquitecto austríaco Adolf Loos, *Ornamentación e delito*, publicado en 1913, pois con frecuencia acusase á chamada arte abstracta de decorativa ou de ser mera ornamentación. Os que así pensan, adoitan esquecer que a idea de decoración, no seu sentido máis banal e superficial, é moi recente e corresponde a unha expansión burguesa que, desde o século XIX, ven integrando acriticamente e afastadas do seu contexto, todo tipo de ornamentacións de orixe exótica. A ornamentación existiu sempre como comunicación e linguaxe, fundamentada nuns parámetros e códigos culturais específicos, tal como ocorre nas culturas musulmanas, onde a caligrafía imponse como consecuencia da prohibición das imaxes figurativas, tachadas de idolatría. Nos tempos que vivimos, dominados por unha intensa saturación visual, deberíamos procurar certo grado de reflexión no que concirne aos nosos gustos e preguntarnos que é o que nos aporta benestar, a mera compra do obxecto, a súa presenza ou encher un baleiro. Tanto os criterios sobre a decoración, como os referidos á arte abstracta, sen ser exactamente os mesmos, deberían referirse máis a se obedecen a unhas preguntas e necesidades reais, se observan algún fundamento, que se as formas resultan esteticamente atractivas e agradables. **En xeral chamamos gusto á suma dos nosos prexuízos.**

No seu libro de 1965,

Apocalípticos e integrados

, editado en castelán por Tusquets, Umberto Eco analiza a cultura de masas desde a perspectiva dunha oposición entre apocalípticos, é dicir, aqueles que ven na cultura de masas a proba dunha dexeneración fatal e irrecuperable, e os integrados que a saúdan como mostra optimista dunha rexeneración vital e necesaria na secuencia da evolución. Nesta confrontación, Eco, con excelente criterio, apoia a segunda opción, pois as diferencias entre a boa e a mala cultura non están nunha suposta nobreza ou tradición, nin tampouco na integración nunha ficticia alta ou baixa cultura, senón nos seus mesmos fundamentos, intencións e resultados en relación co tempo e o medio no que xorden. Hai cómics ou series de televisión admirables que destacan sobre bronzes, frescos murais ou poesía fútil e superflua. Entre os ensaios que conforman este texto imprescindible e lúcido, podemos atopar o dedicado á estrutura do mal gusto e o kitsch. O termo alemán ven a designar a vulgar pacotilla artística, destinada a clientes desexosos de experiencias estéticas fáciles que non supoñan ningún tipo de esforzo. Na súa orixe etimolóxica atópase o verbo

kitschen

que, nun dialecto alemán, significa amañar os mobles para facelos pasar por antigüidades, e tamén o verbo

verkitschen

que quere dicir vender barato

.□ Aínda que a boa información segue a ser un produto de difícil obtención, □ un luxo na man duns poucos, como vemos no caso dos papeis de Wikileaks, □ o certo é que vivimos saturados de moreas de suposta información, na maioría dos casos absolutamente banal e prescindible, que, □ como as interferencias da radio, trócanse nun ruído continuo que impídenos unha achega ás cuestións realmente necesarias e debilita as nosas posibilidades de selección e criterio.

Dous mais dous son catro. Catro e dous son seis. Seis mais dous son oito, e oito dezaseis.

O triste espectáculo amosado despois das eleccións autonómicas e municipais do 22 de

maio, co cruce de acusacións entre os representantes políticos sobre o mal estado económico e a posible quebra técnica de moitas autonomías, ou sectores dependentes destas, fan pensar que a situación das contas públicas non é tanto unha cuestión, mais ou menos complexa, de sumar e restar, e dicir, de algo medible, senón froito dun proceso subxectivo, intanxible, etéreo ou de orixe relixiosa. Doutores ten a Igrexa. Tantos séculos de ciencia e técnica tentando crear unhas referencias fiables de medición obxectiva para chegar a isto. Calquera ama de casa sabe que estas cuestións non se arranxan nin veñen do ceo, senón que corresponden ao César. A cultura técnico-científica actual permite promover uns sistemas de información transparentes que amosen o estado real e obxectivo dos cartos públicos. Polo interese xeral, a nosa obriga é esixilo con urxencia, sexa cal sexa a nosa cor política.

Nos últimos anos podemos escoitar con demasiada frecuencia a insistencia no gusto como medida dos nosos criterios estéticos. A frase

este é o meu gusto

non é mais que unha verdade de Perogrullo que pecha calquera conversa ou debate, amosando, no fondo, unha grande inseguridade, pois damos por suposto que o que chamamos gusto é a suma dos criterios que temos sobre calquera cousa. Mais, o que adoitamos esquecer é que o gusto non é unha referencia fixa e fiable, ao xeito do sistema métrico decimal, senón que madura con nos. E tamén, que a riqueza desa maduración depende, en grande medida, da curiosidade, da discusión e a paixón, pois cando afondamos nunha determinada cuestión, o rigor dos nosos criterios, non soamente estéticos ou artísticos, aumenta a un ritmo moito maior que cando non amosamos interese. Isto da lugar ao paradoxo no que a aceptación desa relatividade do gusto propio nega unha relatividade estética e existencial onde todo vale.

O certo é que, desde unha perspectiva teórica e ideal, toda tolerancia coa redución e debilidade das posibilidades de elección e criterio nos cidadáns, ven sendo profundamente antidemocrática. A democracia, e dicir, a idea de que a un cidadán lle corresponde un voto, é un sistema que precisa da progresiva madurez do pobo para acadar o seu desenvolvemento. Isto implica unha responsabilidade individual que non se pode esixir baixo un sistema autoritario e paternalista.

Non podemos alegar ignorancia, nin distancia. E, como individuos conscientes e responsables que viven en comunidade, non nos podemos permitir ser inocentes. En todo caso, somos, ao tempo, vítimas e verdugos de nos mesmos.

Desde esa mesma perspectiva podemos asumir que, nun réxime democrático, sexa cal sexa o seu grado de madurez, os cidadáns teñen os partidos, representantes, sistemas de elección e tamén as decisións políticas que lles corresponden.